



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA O FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE FORMACIÓN PROFESIONAL CALVO SOTELO DURANTE O CURSO ESCOLAR 2016-2017.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña, formalizan o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de setembro de 2016 ata o 31 de outubro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o funcionamento do centro público de formación profesional Calvo Sotelo, dependente da Deputación Provincial da Coruña, e así continuar prestando o servizo público da educación aos alumnos escolarizados nel no curso escolar 2016-2017.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asina fundamentase no seguinte:

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinou, con data 3 de outubro de mil novecientos oitenta e seis, un convenio coa Deputación Provincial da Coruña en virtude do disposto na disposición adicional 7ª do Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro (BOE do 27), para que o centro de formación profesional Calvo Sotelo funcionase como centro público en réxime de convenio. Co mesmo obxecto asináronse diversas addendas e convenios ata o curso escolar 2015-2016.

É vontade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria manter o convenio educativo coa Deputación provincial para o funcionamento deste centro docente durante o próximo curso escolar 2016-2017, coa finalidade de continuar prestando o servizo público educativo aos alumnos escolarizados nel.

Debido a que este convenio se formaliza en aplicación do disposto na disposición adicional 7ª do Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro (BOE do 27), non é posible promover a concorrência pública, polo que para a tramitación deste convenio debe terse en conta o establecido nos artigos 19.4.c) e 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25).

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

